

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o xoves, 26 de agosto de 2010, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 16/10, do 12 de agosto.

### **Patrimonio e Contratación**

2.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar definitivamente a contratación dos servizos de organización e coordinación das actividades deportivas, culturais e de tempo libre no Fogar de día de Ferrol.

3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar provisionalmente o contrato das obras incluídas no proxecto de Centro Etnográfico de Curtis (código 10.2800.0030.0) 4ª fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo, dentro do eixe 5 “Desenvolvemento sustentable local urbano”.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar os servizos de asistencia técnica para a expropiación de bens e dereitos do proxecto de acondicionamento da D.P. 3404 Serra de Outes a Dumbría entre os PK 31+230 ao 31+710 (Dumbría).

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a execución das obras incluídas no Proxecto muro de dique na DP 7804 Val do Dubra.

6.-Modificar o acordo nº 15 da Xunta de Goberno con data do 30 de xullo de 2010 polo que se aproba o contrato menor para realizar un programa de formación de coidadores non profesionais de persoas dependentes.

7.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación dos traballos no xardín da casa de Wenceslao Fernández Flórez.

8.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación dos traballos de acondicionamento de zonas axardinadas na parcela do polígono de Sabón-Arteixo.

9.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación da subministración e actualización de licenzas de Autocad para a Deputación Provincial da Coruña.

10.-Aprobar a contratación e o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a prestación dos servizos necesarios para a información ao público nos procesos de valoración colectiva de carácter xeral do catastro urbano para os concellos de Carnota, Toques e Vedra.

11.-Aprobar o proxecto reformado de adaptación de espazos no edificio destinado á Biblioteca provincial para crear unha sala especializada denominada “Biblioteca César Antonio Molina e Mercedes Monmany”.

12.-Adxudicar a dirección e coordinación da seguridade e saúde das obras incluídas no proxecto de edificio destinado a albergar o centro de formación e interpretación de valores culturais e etnográficos do Mandeo, no termo municipal de Curtis.

13.-Adxudicación provisional das obras da terceira fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo: rutas de sendeirismo lote 2 Irixoa, Coirós e Paderne; lote 4 Sobrado, Betanzos, Coirós e outros e lote 1 Sobrado, Curtis e Aranga.

14.-Adxudicación provisional do contrato da prestación dos servizos de desenvolvemento e implantación de software para blackberry para a súa utilización na tramitación das sancións de tráfico xestionadas pola Deputación.

15.-Adxudicación provisional da contratación dos servizos de actualización, análise e mantemento da EIEL da provincia da Coruña.

16.-Adxudicación definitiva das obras do Plan experiencia piloto de depuración de augas residuais en pequenos núcleos 2005.

17.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de conservación de vías provinciais 2010 fase 2: grupo 12 Aranga, Cesuras, Coirós e Curtis (lote 2).

18.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de vías provinciais 2009 cuarta fase: ampliación e mellora da seguridade viaria na D.P. 2205 Santo André de Teixido á Pedra P.K. 0+000 ao 1+560 (Cedeira).

19.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de travesías 2008 primeira fase, oitava relación: mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 de Zas a Romelle e Forcadela P.K. 0,470 ao P.K. 0,700 (Zas).

20.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de travesías 2009 cuarta fase: terminación da ampliación e mellora de trazado da D.P. 3503 desde P.K. 0+400 ao P.K. 1+200 (Fene).

21.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no proxecto separata do proxecto de renovación da rede de auga potable no polígono industrial de Sabón (Arteixo).

22.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no proxecto de reforma da instalación de iluminación do vestíbulo do pazo provincial (A Coruña).

23.-Adxudicación definitiva do contrato de execución das obras incluídas no proxecto complementario nº 1 de ampliación e mellora de trazado da DP 1909 Carballo a Caión e acceso á lagoa PK 12+00 ao PK 15+630 (Carballo e A Laracha).

24.-Adxudicación definitiva do contrato das obras incluídas no proxecto de Centro Etnográfico de Curtis (código 10.2800.0030.0) 4ª fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo, dentro do eixe 5 “Desenvolvemento sustentable local urbano”.

25.-Adxudicación definitiva do contrato de reforma da zona de elaboración de comidas da cociña do Fogar Infantil de Ferrol.

26.-Adxudicación definitiva do contrato de realización de audioguías para a visita turística do Museo da Construción Naval de Ferrol (Exponav) dentro do PDPT Ferrol-Ortegal.

27.-Adxudicación definitiva do contrato de determinación do tipo de bens e subministración de sistemas de impresión con destino á Deputación Provincial da Coruña.

28.-Adxudicación definitiva do contrato de determinación do tipo de bens e subministración dunha caseta institucional da Deputación Provincial da Coruña (deseño e construción) así como a súa montaxe, desmontaxe, transporte e atención da caseta en feiras, durante as tempadas 2010 a 2012.

29.-Adxudicación definitiva do contrato de determinación do tipo de bens e subministración, instalación e posta en marcha de equipamento para a mellora da eficiencia enerxética en 83 concellos.

30.-Aprobar o contrato menor de servizos de voluntariado social, 2ª fase do programa de aprendizaxe Grundtvig-proxecto Activex.

31.-Aprobar o contrato menor consistente na asistencia á Deputación para a organización da XXII Bandeira de Traíñas Deputación da Coruña 2010.

32.-Aprobar o contrato menor consistente na asistencia á Deputación para a organización da XXII Copa de Fútbol Deputación da Coruña 2010.

33.-Aprobar o contrato menor para a reparación da cuberta de tella da zona de lavandería no pazo de Mariñán.

34.-Aprobar o contrato menor para a reparación urxente dun faldrón da cuberta do Centro Social de Lavacolla. San Paio de Sabugreira. Santiago de Compostela.

35.-Aprobar o contrato menor para substituír a carpintería exterior no Arquivo provincial no Fogar Infantil Emilio Romay.

36.-Aprobar o contrato menor de servizos de reedición do libro “Gregorio Ferro. Pintor de Boqueixón” con destino á Deputación, dentro do Plan de mellora da calidade turística de Portodemouros.

37.-Aprobar o contrato menor de subministración de equipos de tratamento de información para o proxecto Loured. no Concello das Pontes de García Rodríguez.

38.-Aprobar o contrato menor de subministración de equipos de tratamento de información para o proxecto Loured. (C.P. 2009.3.80010.006) con destino ao Concello de Abegondo.

39.-Aprobar o contrato menor para a redacción do proxecto actualizado de ensanche ou construción da ponte sobre o río Anllóns e accesos no PK 3+800 da DP 1405 de Pazos a Leas por Beres (Ponteceso e Cabana de Bergantiños).

40.-Aprobar o contrato menor de asistencia á Deputación para realizar un curso denominado “Autocad 2009. Debuxo 2D. En liña. (Cód. 444)”.

41.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Condución All Road 4x4 (Cód. 450)”.

42.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Promoción do persoal celador a auxiliar educador (Cód. 421)”.

43.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Creación de portais web con Drupal en liña (Cód. 425)”.

44.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Atención integral ao enfermo terminal (Cód. 429)”.

45.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Prevenção de riscos laborais en liña (Cód. 432)”.

46.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “SIGEM: administradores de xestión (Cód. 446)”.

47.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “SIGEM: usuarios finais (Cód. 447)”.

48.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Formación básica de formadores en liña (Cód. 449)”.

49.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Detención e control de vehículos (Cód. 451)”.

50.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Fundamentos de xestión e seguimento ambiental de proxectos en liña (Cód. 452)”.

51.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Boas prácticas ambientais en liña (Cód. 453)”.

52.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Técnicas de expresión escrita (Cód. 458)”.

53.-Aprobar o contrato menor para realizar un curso denominado “Xestión PDF (Cód. 459)”.

54.-Aprobar o contrato menor de asistencia para a realización das tarefas de apoio e coordinación de varios cursos en liña incluídos no Plan de formación agrupado 2010”

55.-Adxudicar o contrato menor para realizar unha exposición itinerante sobre Rosalía de Castro en dez concellos da provincia da Coruña.

**ROGOS E PREGUNTAS**